

## COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Pastor Díaz 1 - 1ªA      TF: 986 859158      36001 PONTEVEDRA

DELEGACIÓN DE VIGO

Dr. Cadaval, 5.      TF: 986439633      36202 VIGO



### **CIRCULAR INFORMATIVA Nº 1/2011 PONTEVEDRA Nº 3/2011 VIGO**

**24/02/2011**

#### **PRESENTACIÓN PREMIOS "GRAN DE AREA"**

O vindeiro xoves, día 3 de Marzo ás 12:30h, na sé do Centro Social Caixanova en Pontevedra, sita na Rúa Augusto González Besada, nº 2, andar 4º, terá lugar o acto de presentación da nova convocatoria dos Premios "Gran de Area", cuxo ámbito amplíase, por vez primeira, a toda a provincia de Pontevedra.

A continuación terá lugar o acto de homenaxe aos compañeiros da Delegación de Pontevedra que cumpren 25 anos de profesión, dándose tamén a benvinda a aqueles que se incorporaron á Delegación pontevedresa nos pasados anos 2009 e 2010.

Finalizarase co recoñecemento aos colexiados de ámbalas dúas Delegacións que cumpren 50 anos de colexiación:

- D. Francisco Yáñez Ulloa, Delegación de Vigo
- D. Joaquín Basilio Bas, Delegación de Pontevedra
- D. Alfonso Barreiro Buján, Delegación de Pontevedra

Ao finalizar o acto servirase un viño no Café Moderno, na praza de San Xosé.

#### **VISITA NOVO AUDITORIO "MAR DE VIGO"**

O vindeiro día 9 ás 13:30h terá lugar unha visita ao novo Auditorio "Mar de Vigo", que será guiada polo arquitecto autor do proxecto, César Portela. Estímase unha duración de 1h. A visita é aberta para todos os colexiados de Vigo e Pontevedra.

Por motivos de organización, será necesario que os que vaian a asistir o comuniquen na súa Delegación antes do venres, día 4 de Marzo.